



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Anuncio de publicación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso de selección dunha praza de arquitecto

ANUNCIO

RELACIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS - ARQUITECTO/A (FUNCIONARIO DE CARREIRA)

Por resolución de alcaldía de data 17/03/2023 aprobouse a relación provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo dunha praza de arquitecto/a (funcionario de carreira):

“EXPEDIENTE: 1969/2022

ASUNTO: RELACIÓN PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PROCESO SELECTIVO DUN/HA ARQUITECTO/A (FUNCIONARIO/A DE CARREIRA)

DOCUMENTO: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/12/2022 aprobáronse as bases e a convocatoria para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto (funcionario/a de carreira) polo sistema selectivo de concurso-oposición libre correspondente á Oferta de Emprego Público do Concello de Boiro do ano 2019.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 237 de data de 16 de decembro de 2022, no Diario Oficial de Galicia, na páxina web do concello www.boiro.gal e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.

Con data 28 de decembro de 2022 o BOE publicou o anuncio de dita convocatoria, abrindo o prazo de presentación de solicitudes.

O 26 de xaneiro de 2023 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo, ó que se presentaron un total de 10 solicitudes.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobados os requisitos esixidos nas bases desta convocatoria, de conformidade co previsto na base 7ª, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

Considerando as competencias atribuídas ó Alcalde polos artigos 21.1.g. e 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar **provisionalmente admitidas** no concurso-oposición convocado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/12/2022, que rexe o procedemento de proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto (funcionario/a de carreira), ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada na base 5ª das que rexen este procedemento:

NIF	Nome	Proba Galego
3614*	AMELIA ROSALIA PEREIRA DA SILVA	EXENTA
3946*	FÁTIMA SOUTO DOMINGUEZ	EXENTA
3605*	JOSE MAGDALENA NOGUEIRA	EXENTO
5319*	MARINHA CONSTANZA BANHOS MARTINS	EXENTA
4811*	MIGUEL REGUERA SEOANE	EXENTO
3612*	PATRICIA LÓPEZ CARREIRA	EXENTA

Segundo.- Declarar **provisionalmente excluídas** no concurso-oposición convocado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/12/2022, que rexe o procedemento de proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de arquitecto (funcionario/a de carreira), ás seguintes persoas aspirantes **polos seguintes motivos de exclusión:**

NIF	Nome	Motivo de exclusión	Proba Galego
7741*	CAYETANA SILVA SEOANE	Non presenta a relación de méritos segundo se esixe na Base 5ª	EXENTA
3354*	DIVINA PEREZ VIÑA	- Non presenta a relación de méritos segundo se esixe na Base 5ª -Non presenta xustificante pago da taxa / bonificación segundo se esixe na Base 4ª e 5ª.	EXENTA
7880*	MARIA RODRIGUEZ VAAMONDE	Non presenta a relación de méritos segundo se esixe na Base 5ª	EXENTA
3945*	VIRGINIA VAZQUEZ ARRANZ	- Non presenta a relación de méritos segundo se esixe na Base 5ª -Non presenta xustificante pago da taxa / bonificación segundo se esixe na Base 4ª e 5ª.	EXENTA

Terceiro.- Facer pública, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, na páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal, e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedendo ás persoas interesadas un prazo de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte ó da súa publicación para a emenda dos posibles defectos e omisións na documentación presentada.

Disporán igualmente dun prazo de 10 días a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio as persoas que, presentando debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na lista publicada.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar a oposición se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

Cuarto.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro, 17 de febreiro de 2023.

O alcalde do Concello de Boiro

José R. Romero García

2023/1197